**..ON**

**..os Do Expediente:**

| PROCEDEMENTO ABERTO | |
|---|---|
| Unidade Tramitadora: | |
| Contratacion e Obras Publicas - IMG | |
| Número expediente: | Documento: |
| CON/15/2016 | CON10I0T0 |

590N6B6X5Z2R4H6V1C2F

Reunidos na Casa do Concello, o día 18 de agosto de 2016, ás 11,00 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Traballos técnicos para o desenvolvemento de catro programas de carácter sociocomunitario no eido do benestar social da cidadanía" formada por D. José Manuel Blanco Súarez (Alcalde), que actuará como presidente; Dna. María de los Ángeles Manteiga Fulgueira (Secretaria Substituta da Corporación); Dna. María del Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación); e D. Gustavo Ariel Perea Vega (Xefe Accidental do Servizo Sociocomunitario), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actuará como Secretario da Mesa.

Antes de abrir a reunión ao público, o Secretario da Mesa procede a ler os informes técnicos de avaliación das ofertas relacionadas cos criterios non obxectivos contemplados no PCAP. Rematada a lectura a Mesa, por unanimidade, fai súa a avaliación técnica efectuada, agás no cuarto lote que se valoran os recursos humanos e de traballo en rede, da empresa Esproade SL, que non superou o limiar mínimo de 15 puntos, punto 8 folla resumo PCAP, no proxecto. Corrixido este aspecto, resulta:

**LOTE I: PROGRAMA ESPECÍFICO DE ASESORAMENTO, ATENCIÓN E ORIENTACIÓN A MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE**

| **Empresa** | **Proxecto** | **Recursos Humanos** | **Recursos Traballo en Rede** | **Total** |
|---|---|---|---|---|
| Gestión Plus, S.L.U. | 6.5 | --- | ---- | 6.5 |
| Senes Cit, S.L. | 15 | 5.5 | 3 | 23.5 |

A oferta presentada por Gestión Plus SLU, non acada a puntuación mínima establecida no punto 8.1 da Folla Resumo e cláusula 11.2 do Prego de Condicións Administrativas Particulares, polo que non continúa no procedemento de licitación.

**LOTE II: PROGRAMA DE FOMENTO DA COOPERACÓN E SOLIDARIDADE SOCIAL**



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

| Empresa | Proxecto | Recursos Humanos | Recursos Traballo en Rede | Total |
|---|---|---|---|---|
| SEDEGA | 15 | 10,5 | 3 | 28,5 |

**LOTE III ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES PARA FACILITAR A SÚA SOCIALIZACIÓN ACTIVA, A PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E A PROMOCIÓN DA SÚA AUTONOMÍA PERSOAL**

| Empresa | Proxecto | Recursos Humanos | Recursos Traballo en Rede | Total |
|---|---|---|---|---|
| REXENERANDO | 15 | 5 | 0 | 20 |
| SEDEGA S.L. | 11 | -- | -- | 11 |
| SENES CIT S.L. | 16 | 7,5 | 2 | 25,5 |
| GESTIÓN PLUS S.L.U. | 6,5 | -- | -- | 6,5 |

As ofertas presentadas por Sedega S.L. e Gestión Plus S.L.U., non acadan a puntuación mínima establecida no punto 8.1 da Folla Resumo e cláusula 11.2 do Prego de Condicións Administrativas Particulares, polo que non continúan no procedemento de licitación.

**LOTE IV: PROGRAMA DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR**

| Empresa | Proxecto | Recursos Humanos | Recursos Traballo en Rede | Total |
|---|---|---|---|---|
| SEDEGA S.L. | 18,5 | 9,5 | 3 | 31 |
| GESTIÓN PLUS S.L.U. | 16,5 | 11,5 | 2 | 30 |
| ESPROADE | 13 | -- | -- | 13 |

A oferta presentada por Esproade S.L., non acada a puntuación mínima establecida no punto 8.1 da Folla Resumo e cláusula 11.2 do Prego de Condicións Administrativas Particulares, polo que non continúa no procedemento de licitación.

Unha vez puntuados os criterios non avaliables mediante cifras ou porcentaxes, a Presidencia ordena que se advirta ao público presente que pode acceder á sala para a apertura das ofertas económicas. De conformidade co establecido na cláusula 11.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que asistiron os representantes do candidato participante nesta licitación Gestión Plus SL.

Sendo las 11 horas e 10 minutos da data sinalada no encabezamento, o Secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe de valoración de ofertas.

Concluída a lectura a Presidencia inicia a apertura dos sobres "C" relativos aos criterios avaliables de xeito automático

**LOTE I**

| EMPRESA | OFERTA SEN IVE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Senes Cit S.L. | 21 €/hora | 4,41 (21%) | 25,41 €/hora |

**LOTE II**

| EMPRESA | OFERTA SEN IVE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| SEDEGA S.L. | 65 €/hora | 13,65 (21%) | 78,65 €/hora |

**LOTE III**

| EMPRESA | OFERTA SEN IVE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Rexenerando | 26,77 €/hora | 2,67 (10%) | 29,44 €/hora |
| Senes Cit S.L. | 26,00 €/hora | 5,46 (21%) | 31,46 €/hora |

**LOTE IV**

| EMPRESA | OFERTA SEN IVE | IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Sedega S.l. | 25,00 €/hora | 5,25 (21%) | 30,25 €/hora |
| Gestión Plus S.L. U. | 24,50 €/hora | 5,15 (21%) | 29,65 €/hora |

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia invita aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes
Non habendo intervencións, o Presidente
da Mesa, da por rematado o acto de apertura de ofertas, abandonando a sala os licitadores presentes.

A Mesa continua reunida co obxecto de valorar as ofertas e formulala correspondente proposta de adxudicación, así resultando:



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

**LOTE I**

| **Empresa** | **Criterios non obxectivos** | **Criterios obxectivos** | **Total** |
|---|---|---|---|
| SENES CIT S.L. | 23,5 | 51 | 74,5 |

**LOTE II**

| **Empresa** | **Criterios non obxectivos** | **Criterios obxectivos** | **Total** |
|---|---|---|---|
| SEDEGA | 28,5 | 51 | 79,5 |

**LOTE III**

| **Empresa** | **Criterios non obxectivos** | **Criterios obxectivos** | **Total** |
|---|---|---|---|
| REXENERANDO | 20 | 44,33 | 64,33 |
| SENES CIT S.L. | 25,5 | 51 | 76,50 |

**LOTE IV**

| **Empresa** | **Criterios non obxectivos** | **Criterios obxectivos** | **Total** |
|---|---|---|---|
| SEDEGA S.L. | 31 | 40,84 | 71,84 |
| GESTIÓN PLUS S.L.U. | 30 | 51 | 81 |

Diante destes resultados a Mesa de Contratación propón ao órgano de contratación a adxudicación dos catro lotes ás empresas que obtiveron a maior puntuación:

LOTE I PROGRAMA ESPECÍFICO DE ASESORAMENTO, ATENCIÓN E ORIENTACIÓN A MULLERES EN ESPECIAL SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE
**Senes Cit S.L. – 21 €/hora máis IVE**

LOTE II: PROGRAMA DE FOMENTO DA COOPERACÓN E SOLIDARIDADE SOCIAL



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

**SEDEGA S.L. – 65 €/hora máis IVE**

LOTE III ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES PARA FACILITAR A SÚA SOCIALIZACIÓN ACTIVA, A PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E A PROMOCIÓN DA SÚA AUTONOMÍA PERSOAL
**Senes Cit S.L. – 26 €/hora máis IVE**

LOTE IV: PROGRAMA DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR
**GESTIÓN PLUS S.L.U. – 24,50 €/hora**

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12 horas e 35 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da Mesa.

Asdo. José M . Blanco Suárez

Asdo. M.Angelés Manteiga Fulgueira

Asdo. María del Pilar Canzobre Méndez

Asdo. Gustavo Ariel Perea Vega

Asdo. Ignacio Mazaira Garro



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es